

DOMINGO DE PENTECOSTE CICLO C

MISA DO DÍA

PRIMEIRA Feit 2, 1-11

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. Ao se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros: "¡Olla!. E todos estes que están aí a falar non son galileos?, E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus".

SALMO RESP. Sal 103, 1ab e 24 ac. 29bc-30. 31 e 34

R/ (30): Manda, Señor o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou. Aleluia

Alma miña, bendice ao Señor.
Señor, meu Deus, ti es moi grande,
¡Cantas son, Señor, as túas obras,
A terra está chea das túas creaturas.

Retiras o teu alento, e expiran,
voltando ao seu po.
Mandas o teu alento, e son creados
e renovas a cara da terra.

Gloria ao Señor por sempre,
alégrese o Señor coas súas obras.
Que El acolla o meu cantar
e alegrareime eu no Señor.

SEGUNDA 1 Cor 12, 3-13

A todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Ninguén que diga "arrenegado sexa Xesús", fala movido polo Espírito de Deus; e ninguén é capaz a dicir "Xesús é o Señor", se non é baixo o influxo do Espírito Santo.

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servizos, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dásele a manifestación do Espírito para o ben común. A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; a aquel outro o mesmo Espírito concédelle fe. A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don da profecía; a outro, discernimento de espíritos. A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber interpretar esas linguas. Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular, como a El lle parece.

Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

SECUENCIA

Ven, Espírito Santo...

ALELUIA

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis; e acende neles o lume do teu amor

DOMINGO DE PENTECOSTÉS CICLO C

EVANXEO Xn 20, 19-23

Como me mandou a min o Pai, así vos mando eu a vós: recibide o Espírito Santo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

-Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.